



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

BECAS IBEROAMÉRICA
Estudiantes de grado



CON LAS BECAS SANTANDER ERASMUS
CONVIERTE TU EXPERIENCIA EN UN
ERASMUS

XL

CRUE

UNIVERSIDADES



BECAS IBEROAMÉRICA



Santander
UNIVERSIDADES

MODIFICACIÓN DE PRAZOS NAS CONVOCATORIAS DE BOLSAS SANTANDER UNIVERSIDADES CURSO 2020/21

En xaneiro 2020, publicáronse na Web da ORI as seguintes convocatorias de bolsas Santander para o curso 2020/21:

- Convocatoria Santander Iberoamérica-Grao 2020/21:
https://www.udc.es/gl/ori/inf_estudiantes_UDC/bolsas_complementarias/santander_beroamerica/
- Convocatoria Santander Iberoamérica-Investigación 2020/21:
https://www.udc.es/gl/ori/inf_estudiantes_UDC/bolsas_complementarias/santander_beroamerica_investigacion/index.html
- Convocatoria Santander Erasmus 2020/21:
https://www.udc.es/gl/ori/inf_estudiantes_UDC/bolsas_complementarias/santander-erasmus/

A suspensión dos prazos e termos administrativos disposta na Disposición Adicional 3ª do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que declara o estado de alarma para xestionar a crise sanitaria provocada pola COVID-19 (disposición mantida en vigor polos sucesivos decretos de prórroga), afectou aos prazos fixados nestas convocatorias.

Conforme ao publicado no Boletín oficial do estado, con efecto día 1 de xuño procédese ao levantamento da suspensión de todos os procesos administrativos. Os responsables do programa Santander informan á UDC que establecen novos prazos para as estas convocatorias, que son os seguintes:



No caso das Bolsas Santander Erasmus e Iberoamérica de Grao e Investigación, reábrese durante 2 días desde o día 1 de xuño:

Procederase á apertura das inscricións das 3 convocatorias na plataforma de bolsas www.becas-santander.com durante 2 días naturais, quedando as novas datas establecidas da seguinte forma:

Inscrición na plataforma do Santander: do 1 ao 3 de Xuño.

Selección dos beneficiarios por parte das universidades: do 4 de xuño ao 3 de Julio.

Aceptación da bolsa: do 4 de xullo ao 12 de xullo.

É por iso que, ao fin de facer a debida selección dos candidatos para a concesión destas bolsas
RESOLVO:

1. Admitir a trámite para selección preferente conforme ao criterios establecidos nas convocatorias da UDC todos os inscritos na plataforma do Santander antes do 16/03/20 con solicitudes (Anexo I das respectivas convocatorias da UDC) presentadas formalmente por rexistro da UDC ou por email á ORI ata o día 16 de marzo de 2020.
2. Admitir á trámite para inclusión nunha listaxe de espera a todos os inscritos na plataforma do Santander antes do 16/03/20 con solicitudes (Anexo I das respectivas convocatorias da UDC) presentadas por rexistro da UDC ou por email á ORI entre o día 17 de marzo de 2020 e o vindeiro día 3 de xuño.
3. Admitir a trámite para inclusión nunha listaxe de espera a todos os novos inscritos entre o 1 e o 3 de xuño na plataforma do Banco Santander e que presenten por rexistro da UDC a súa solicitude (Anexo I e documentación complementaria das respectivas convocatorias da UDC) neste mesmo prazo, entre o 1 e 3 de xuño.

O reitor

Julio Abalde Alonso